# NOITIÑA DE XIADA

Guión melódico

(beat)

RAFAEL DOVALO LOPEZ



Xa a noite escureceu
e a lua branca veu
pra m'alumear os camiños d'o Ceu.
Camiños que eu xirei
envolto en soños teus.

Soños que me fan lembrar
unha vez, outra máis e moitas máis.
Me lembro d'os teus cabelos
que o vento aledo arrolaba
n'a veira d'o mar.

***Esa noitiña de xiada***
***nunca podrei esquecer***
***con tanto frio n'a cara***
***e lume n'o corazón***
***canto máis te procuraba***
***máis grande era meu dor.***

As estreliñas do Ceu
me fan imaxinar e sospirar
por aquel dolce ben.
Que sosiño ficou
sen agarimos meus.

Com'un barquiño n'o mar
sin saber a que porto ha de arrimar.
Bogando vai mar adentro
e aquela noite de xiada
lle fai delirar.